

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-20

IES LAURO OLMO

CURSO: 2º de BACHARELATO

MATERIA: HISTORIA DA FILOSOFÍA

12 de maio de 2020

ÍNDICE

- 1. Introducción**
- 2. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles.**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 5. Información e publicidade.**

HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º de Bach.)

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IES LAURO OLMO

MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIAS DEBIDAS Á PANDEMIA PRODUCIDA POLO COVID-19

1.- INTRODUCCIÓN:

Debido a suspensión das clases lectivas presenciais dende o pasado venres día 13 de marzo xunto coas medidas de confinamento decretadas desde o Goberno central do Estado de Alarma houbo que adaptar ás programacións didácticas das distintas materias en consonancia coas directrices marcadas polo Ministerio de Educación e a Consellería de Educación que publicaron instrucións de orientación para adaptar o ensino a esta nova situación. BOE do 24 de abril e DOGA do 27 de abril, ambos deste do 2020.

Tendo en conta este último documento oficial, os Departamentos didácticos de cada Centro educativo deben redactar un documento independente da programación didáctica onde se contemplan os seguintes apartados:

- a.- A identificación das aprendizaxes (é dicir estándares de aprendizaxe) e competencias (é dicir competencias clave) imprescindibles que debería desenvolver cada alumno para cada materia, que servirá de referente para deseñar as actividades de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación que se desenvolve durante o terceiro trimestre.
- b.- A avaliación e cualificación do alumnado adaptarse e realizarse sobre as aprendizaxes realizadas durante o 1º e 2º trimestre, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación durante o confinamento, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta a aprendizaxe en competencias imprescindibles anteriormente identificadas.
- c.- Procedementos para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria. Hai pois que sinalar como se vai a proceder o cálculo da cualificación, tendo en conta que o alumno ou alumna, en ningún caso se encontrará prexudicado como consecuencia das dificultades producidas polo cambio de metodoloxía a distancia deste terceiro trimestre, polo que non poderá ver diminuídos os resultados desta avaliación final con respecto ás avaliacións precedentes.
- d.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Neste punto establécese neste documento que no caso de que haxa algún alumno ou

alumna do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa poderá ser convocado a unha proba telemática se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Dita proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

e.- A adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-20 será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan os dereitos do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

Os obxectivos xerais de etapa que se tiveron presentes son: afianzar o hábito de lectura; dominar a lingua galega; adquirir unha conciencia cívica responsable; utilizar con responsabilidade as TIC e valorar e coñecer as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos así como os principais factores da súa evolución.

2.- Para as actividades de recuperación da 1ª avaliación tívose tamén en conta os seguintes criterios educativos da Programación didáctica

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A orixe da filosofía en occidente: os primeiros filósofos ou filósofos presocráticos	Distinguir as respostas da corrente presocrática en relación a orixe do Cósmos.	Distingue as respostas da corrente presocrática en relación a orixe do Cósmos.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia matemática e das ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender
A dialéctica socrática e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solución achegadas por Platón.	Diferenciar os conceptos fundamentais da dialéctica socrática e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solución achegadas por Platón.	Distingue os conceptos fundamentais da dialéctica socrática e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solución achegadas por Platón.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
PLATÓN: Teoría do coñecemento	Utilizar conceptos da filosofía de Platón	Utiliza conceptos da filosofía de Platón	Competencia de comunicación lingüística;

(mito da caverna, pasaxe da liña) Antropoloxía (o mito do carro alado, fragmento do <i>Menón</i>) Ética e política (Mito da caverna, fragmento do libro IV da <i>República</i>)	como <i>idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methese, virtude, xustiza, harmonía, dialéctica</i>	como <i>idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methese, virtude, xustiza, harmonía, dialéctica</i>	Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
As relacións entre a ontoloxía e a teoría do coñecemento en Platón. O dualismo antropolóxico de Platón. A relación da ética coa política	Entender e explicar con claridade, na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre a ontoloxía e a gnoseoloxía; o dualismo antropolóxico así como a relación entre a ética e a política platónica	Entende e explica con claridade, na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre a ontoloxía e a gnoseoloxía; o dualismo antropolóxico así como a relación entre a ética e a política platónica	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
ARISTÓTELES: A física e a metafísica . (fragmento da <i>Física</i>). Ética e política de Aristóteles (fragmentos da <i>Ética a Nicómaco</i> e da <i>Política</i>)	Utilizar con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, alma, monismo, felicidade e virtude entre outras.	Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, alma, monismo, felicidade e virtude entre outras.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Contraposición con Platón. A teoría da catro causas; A Teoría do hilemorfismo; A explicación do movemento. A teoría das catro causas. Distinción entre substancia primeira e substancia segunda. O eudemonismo e teleoxismo ético. O concepto de virtude. A concepción política	Comprender e explicar con claridade, na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.	Comprende e explica con claridade, na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender

Para as actividades de recuperación da 2ª avaliación tívose tamén en conta os seguintes criterios educativos da Programación didáctica

CONTENIDOS	CRITERIOS DE	ESTÁNDARES DE	COMPETENCIAS
------------	--------------	---------------	--------------

	AVALIACIÓN	APRENDIZAXE	CLAVE
Agostiño de Hipona: O seu posiconamento en canto as relacións entre fe e razón	Explicar o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona	Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Tomé de Aquino: O seu posicionamento en canto as relacións entre fe e razón. As leis naturais, positivas e divina	Definir conceptos de Tomé de Aquino como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva, lei divina e precepto	Define conceptos de Tomé de Aquino como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva, lei divina e precepto	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Guillermo de Occam: O seu posicionamento en canto ás relacións entre fe e razón.	Coñece o posicionamento de Guillermo de Ockham en canto ás relacións entre fe e razón e a súa importancia para a entrada da modernidade.	Coñece o posicionamento de Guillermo de Ockham en canto ás relacións entre fe e razón e a súa importancia para a entrada da modernidade.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
O Renacemento: Os importantes cambios que se deron nesta época cara a instauración da época moderna. A Revolución científica e as súas influenzas na filosofía da época	Comprender a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, competencia matemática en ciencias e tecnoloxías; Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Descartes: A busca dun método e descubrimento do <i>cogito</i> como a primeira substancia.	Identificar conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, <i>cogito</i> , idea, substancia, e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, <i>cogito</i> , idea, substancia, e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
CONTENIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Descartes: As regras do método e a súa aplicación á metafísica. O dualismo cartesiano	Comprender e explica con claridade, na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes,	Comprende e explica con claridade, na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes,	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender

na antropoloxía.	analizando o método e a relación do coñecemento e realidade a partir do <i>cogito</i> e o dualismo	analizando o método e a relación do coñecemento e realidade a partir do <i>cogito</i> e o dualismo	
Hume: Teoría do coñecemento. A crítica ao principio de causalidade e a crítica á noción de substancia.	Utilizar conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa e crenza, entre outros, úsaos con rigor.	Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa e crenza, entre outros, úsaos con rigor.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
	Entender e explicar con claridade, na linguaxe escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica ao principio de causalidade e a substancia.	Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica ao principio de causalidade e a substancia.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Locke: Teoría política	Coñecer e explicar as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna	Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
AS máis representativas teorías contractualistas modernas: Hobbes, Locke e Rousseau	Contrapoñer en canto as categorías contractualistas (estado de natureza, contrato e estado social) as teorías de Hobbes, Locke e Rousseau	Contrapón oen canto as categorías contractualistas (estado de natureza, contrato e estado social) as teorías de Hobbes, Locke e Rousseau	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A Ilustración: Importancia e repercusións	Comprender os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia	Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Kant: Teoría do coñecemento (o xiro copernicano en canto a concepción do coñecemento)	Aplicar conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a	Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital

A superación do dogmatismo racionalista e do escepticismo empirista.	priori, a posteriori, , facultade, intuición, categoría, ilusión, transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, entre outros, e utilízaos con rigor.	priori, a posteriori, , facultade, intuición, categoría, ilusión, transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, entre outros, e utilízaos con rigor.	
Kant: os límites do coñecemento As partes da <i>Crítica á razón pura</i> en relación ás facultades de coñecemento e as Matemáticas, a Física e a Metafísica. As ideas da razón	Entender e explicar con claridade, na linguaxe escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento	Entende e explica con claridade, na linguaxe escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, competencia matemática en ciencias e tecnoloxías; Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender

Algúns alumnos e alumnas na materia de Historia da Filosofía, en concreto 6 non superaron a primeira e segunda avaliacións, pese ter acceso un exame da recuperación da primeira avaliación o pasado mércores día 15 de xaneiro. Non foi posible o acceso a un exame de recuperación da segunda avaliación. En concreto hai tres alumnos coas 1ª e 2ª avaliacións sen superar e unha alumna coa 1ª avaliación sen superar e outra alumna coa 2ª avaliación sen superar. Neste terceiro trimestre se lle ofertaron unha serie de actividades como unha oportunidade para a súa superación. Na elaboración de ditas actividades se tiveron en conta os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e competencias clave sinaladas anteriormente.

En canto a este terceiro trimestre continuouse avanzando na materia da programación didáctica desta materia de Historia da Filosofía segundo o previsto. Para o cal se lle foron colocando os apuntamentos, power-points, urls e actividades na aula virtual do centro e o alumnado un por un foi entregando as actividades ao correo electrónico de gmail aberto para este Departamento de Filosofía desde a dirección deste Centro. Un a un se lle foron corrixindo as actividades e pedíndolles que as completaran can foi o caso. O material co que alumnado foi acadando as novas aprendizaxes neste trimestre foron: A Ética formal de Kant e parte da unidade didáctica referida á filosofía de Marx (impartidas nas clases presenciais ata o 12 de marzo) E o resto da unidade didáctica da filosofía de Marx, a unidade didáctica do pensamento de Nietzsche e a unidade didáctica do pensamento de Ortega y Gasset impartida telemáticamente, así como todas as actividades correspondentes a este terceiro trimestre: cuestionarios reflexivos sobre o pensamento destes tres filósofos e comentarios de texto.

3.- Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Actividades de recuperación (un cuestionario elaborado para o caso de reflexión e clasificación de conceptos sobre as distintas teorías dos filósofos a estudar do 1º e 2º trimestres). Actividades de reforzo sobre as filosofía dos autores con cuestionarios.</p> <p>Actividades de ampliación: cuestionarios de reflexión sobre a filosofía dos autores así como comentarios de texto dos autores en cuestión.</p>
	<p>Instrumentos: Correccións individuais e precisas das actividades remitidas ao profesor. En ditas correccións se lles fan cuestións a cada un dos alumnos ou alumnas de asuntos que non están ben razoados ou simplemente que están incompletos e algúns casos errados co obxecto de que corrixa e volva a enviar a actividade solventada.</p>
Cualificación final	<p>O PROCEDIMENTO PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL: Para calcular a nota final deste curso 2019-20 acharase a media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliaciões e se lles sumará un máximo de 2 puntos segundo as actividades efectuadas neste terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Para aqueles alumnos que non superen esta materia se lles ofrece unha proba escrita no mes de setembro</p>

Alumnado de materia pendiente FILOSOFÍA	<p>Criterios de avaliación: Definir conceptos básicos de filosofía; Distinguir as dimensións e ramas da filosofía, Identificar as etapas da Historia da filosofía; Entender o método científico; Comprender os retos que ten a filosofía hoxe; Ler e reflexionar textos identificando a súa tese e a súa argumentación; Pensar sobre a orixe e evolución do ser humano e as implicacións filosóficas da teoría da evolución; Comprender o fenómeno da diversidade cultural e as actitudes ante dito fenómeno; Reflexionar sobre as dimensións e funcións da linguaxe; Identificar a estrutura dos razoamentos, a súa validez e as falacias; Formalizar e elaborar táboas de verdade , e deducir aplicando regras de inferencia razoamentos na lóxica proposicional.</p>
--	---

	<p>Criterios de cualificación: Os criterios para avaliar ao alumnado pendente da materia de Filosofía de 1º de Bach. Terá en conta as actividades entregadas da primeira parte así como o exame feito da mesma o pasado 15 de febreiro. E as actividades da segunda parte que os alumnos entregan neste terceiro trimestre.</p> <p>En caso de que haxa algún alumno que non as entregara se lle ofertará unha data para facer un exame.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os instrumentos son as actividades de cada unha das partes que se valorarán independentemente sobre 10 puntos. E se acha a media.</p> <p>Para aqueles alumnos que superaran o exame da primeira parte e fagan as actividades da segunda parte se acha a media do exame máis a cualificación das actividades. Se non chegan a facer as actividades desta segunda parte terán acceso á realización dunha proba escrita.</p> <p>Para aquel alumno que superou o exame desta primeira parte, fixo as actividades desta parte e as actividades da segunda parte. Se acha a media das actividades e se lle engade un punto.</p>

4.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cuestionarios sobre a filosofía dos distintos autores e comentarios de texto sobre fragmentos seleccionados pola Ciug extraídos de obras emblemáticas dos distintos filósofos que conforman a Programación didáctica da Historia da Filosofía
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado desta materia contaban co acceso as actividades
Materiais e recursos	Apuntamentos, cuestionarios, textos, power-points, urls na Aula virtual do Centro

5.- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e as familias por medio da plataforma educativa virtual que se estea utilizando e no seu defecto por medio de correos electrónicos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

O Barco, a 12 de maio de 2020

Xefa do Departamento de Filosofía do IES Lauro Olmo

Ana M^a Cobo Rodríguez